



I Duatlón Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

I DUATLÓN CROS DE MEIRÁS-SADA


CAMPIONATO GALEGO DE DUATLÓN CROS

24 DE FEBREIRO

Campionato galego individual e de Clubes
Carreira individual e por parellas

INSCRICIONS: <http://fegatri.org>

SAIDA: 11:00 Horas

 7,85 KM (2 VOLTAS)

 19,0 KM (4 VOLTAS)

 4,35 KM (1VOLTA)

ORGANIZAN



XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO



Deputación DA CORUÑA



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

INDICE:

1. - Definición
2. - Contexto
3. - Regulamento
4. - Percorridos

1.- Definición

O Dúatlon Cros é un deporte combinado e de resistencia, no cal o deportista realiza dúas disciplinas en tres segmentos, carreira a pé por calquera tipo de superficie, ciclismo todo terreo e carreira a pé por calquera tipo de superficie. A orde é a sinalada e o cronómetro non se para durante o tempo que transcorra a competición.

2.- Contexto

O Dúatlon Cros de Meirás está organizado pola concellería de deportes do Concello de Sada, o Trisada, (sección de triatlón do Club Atletismo Sada) e o Club Ciclista Sada.

Estas tres entidades únense para organizar un evento dunha disciplina pouco coñecida e que no concello de Sada, neste caso na parroquia de Meiras, ten un lugar propicio para a celebración deste tipo de competicións.



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

3.-Regulamento I Dúatlon Cros de Meirás, Sada

A. Organiza:

Trisada (Club Atletismo Sada)

Club Ciclista Sada

Concello de Sada (Concellería de Deportes)

Email : clubatletismosada@gmail.com

Persoa de contacto: Alberto Morlán

Telefono: 620883998

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno

B. Colaboran:

Secretaría Xeral para o Deporte

C. Data e horario da proba

Domingo 24 de Febreiro do 2019

As 11:00 horas

D. Lugar:

Area recreativa de Meirás, lugar de Piñeiro(Enfronte a Residencia da Luz) no concello de Sada

<https://goo.gl/maps/tUtFc3jzET62>

E. Recollida de dorsais:

Area recreativa de Meirás de 9:00 a 10:45 o día da proba

F. Control de material:

De 9:30 a 10:50



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

G. Distancias:

1º sector, carreira a pé – 7,85 km (2 voltas)

2º sector, ciclismo en BTT – 19,0 km (4 voltas)

3º sector, carreira a pé – 4,35 km (1 volta)

H. Categorías

Campionato galego – Absoluta , Junior , Veterano e Clubs

I. Inscricións:

Inscricións: Ata as 23:59 do martes 19 de Febreiro

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Regulamentos/Inscricións.

O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV

Prezo inscrición: Individual 12€, parellas 20€. (Licenza de 1 día non federados +12€)

- INDIVIDUAL

Federados con licenza de ámbito estatal .-

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licencias 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓNs picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓNs para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

(Custe licenza de 1 día de 12 €+ 12€ Inscrición) **Total ingreso 24 €**

Imprescindible , para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI a fegatri@hotmail.com



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

- PARELLAS

Prezo: 10€ x deportista= Total 20€

Inscripción da parella:

Para a inscición por parellas primeiro hai que inscribirse individualmente na plataforma de inscricións e despois enviar a seguinte formulario cuberto o correo fegatri@hotmail.com

NOME PARELLA: TELÉFONO:		
SECTOR	DNI	NOME E APELIDOS
CARREIRA A PÉ		
CICLISMO		

Os e as deportistas deberán inscribirse de xeito individual na plataforma de inscricións. Quen non estea federado deberá tramitar a licenza de un día.

Inscripción individual dos deportistas da parella

Federados con licenza de ámbito estatal .-

Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento. Aboarán a cuota de 10€ a través do TPV

Licencias 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓN picarase en REGULAMENTOS/INSCRICIÓN para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria.

(Custe licenza de 1 día de 12 €+ 10€ Inscrición) **Total ingreso 22 €**

Imprescindible , para que a inscrición sexa válida, enviar copia do DNI do deportista non federado a fegatri@hotmail.com

Á hora de inscribirse hai que indicar o número de chip amarelo en caso de telo en propiedade. Quen **NON** teña chip amarelo en propiedade e todas as parellas á hora de recoller o dorsal deberán deixar unha **fianza de 10€** que será devolta ao entregar o chip unha vez rematada a proba.



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións. As devolucións das baixas comunicadas en tempo e forma serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións.

Publicación de Listas de Inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Límite de 300 participantes

J. Premios:

CAMPIONATO GALEGO

Trofeo/medalla aos tres primeiros e primeiras clasificadas de cada categoría

Para outorgar o título de Campionato Galego os deportistas deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento Oficial de Competición vixente da FEGATRI

<http://fegatri.org/federacion/estatutos/regulamentos/>

INDIVIDUAL

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría, así como para os clubs.

- Absoluta (M e F)
- Junior (M e F)
- Veterán (M e F)
- Clubs (M e F)

PARELLAS

Trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.

- Masculino
- Feminino
- Mixto

Entregas de Premios

-Os/as deportistas e/ou clubs que non estean na entrega de premios (salvo causa de forza maior) non os recibirán, e serán sancionados por desconsideración ao organizador e ao resto dos deportistas (segundo os estatutos en vigor). Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar ata o seu abono.



I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

Normas de competición:

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da Federación Galega de Triatlón e da Federación Española de Triatlón.

Tódolos participantes prestan a súa conformidade e estarán obrigados ao cumprimento destas normativas dende o momento da súa efectiva inscrición na proba.

A organización non se fará responsable da desaparición de material (zapatillas, roupa, ...) dos participantes que non sexan entregados no servizo de roupeiro habilitado para a proba.

K. Servizos:

A organización porá a disposición dos participantes os seguintes servizos:

.- Duchas: o pavillón municipal de deportes situado a 5,5km da liña de saída/meta estará a disposición dos participantes no horario de 12:00 a 14:00.

<https://goo.gl/maps/LD89KHYxFCq>

.- Servizo de roupeiro: a organización habilitará una zona onde os participantes poderán deixar as súas pertenzas durante a proba, estando custodiadas en todo momento, para retiralas deberán presentar o seu dorsal de participación na proba.

.- Servizo de limpeza de material: a organización porá a disposición dos participantes un lugar habilitado para a limpeza do material utilizado polos participantes na proba situado nos arredores da zona de transición.

L. - Medio ambiente:

A organización solicita encarecidamente que se manteña o trazado do percorrido limpo de desperdicios (envoltorios de xeles, barriñas, plásticos, papeis,...).

A organización velará de forma moi especial polo cumprimento deste apartado. Chegado o caso procederase á descualificación do infractor/a, seguindo o regulamento de competición (Art. 2.2 c (x))

M. - Rutómetro:

1º Sector carreira a pé 6km (2 voltas)

Sobre un circuíto 100% de terra con pequenos tramos de pista polos montes do arredor do Castro de Meiras.

Transición, sita na area recreativa de Meiras.

2º Sector de ciclismo btt 20km (4 voltas)

Sobre un circuíto con un 90% de montaña, o 10% restante con asfalto polos montes de arredor de Piñeiro.

3º Sector carreira a pé 4km (1 volta)


Repetir o primeiro circuíto de carreira a pé, saíndo dende a Área de Transición situada na area recreativa de Meiras, pero desta vez só unha volta.

I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

4.- Percorridos

1º Sector carreira 7,85 km (2 voltas)



2º sector- Bicicleta BTT 19km (4 voltas)





I Duatlon Cros de Meirás, Sada

24 febreiro do 2019

3º sector –Carrera 4,35km (1 volta)

